

**CABALO ESCINTILANTE**



**Isaac Ferreira  
1998**

© Isaac Pérez Blanco (Isaac Ferreira), 1998  
© Ilustración capa: Xesús Pisón, 1998  
© Prólogo: Xosé Luís Axeitos, 1992  
© Versión: Isaac Ferreira (1998-2003)  
© Actualización ortográfica: Isaac Ferreira, 24.02.2020

*A Puri Ruibal  
desde un cantil de soños e de sombras*

## *Prólogo*

### **ARS LONGA, VITA BREVIS**

Coñezo a antiga teima, que non vella, de Isaac de loitar pola palabra poética, pola expresión verbal. Hai anos tiven ocasión de ler algúns dos seus poemas.

Hoxe, por fin, van recibir o bautismo “bíblico” para así acadar a capacidade comunicativa que lle corresponde.

Moitos dos poemas aquí recollidos están escritos desde hai máis de dez anos e non podemos menos que dicir que manteñen a frescura, a viveza e o ton con que naceron. Poucos poemarios conservan esta capacidade comunicativa co transcurso dos anos.

Dicía un coñecido poeta da xeración do medio século que non tiña, entre a súa obra, versos vergonzantes dos que arrepentirse. Atribuía tal virtude non á súa capacidade creativa senón ás dificultades que atopara para poder publicar, o que lle permitira levar a cabo un labor de “forxa” poética, de constante revisión e depuración.

Estes poemas de Isaac tamén foron sometidos, polas mesmas e por outras causas sen dúbida, a un proceso semellante. Pero estimo que non é esta a clave que nos explica a esencialidade na que se sustenta a poética do autor. Sen esgotar as posibilidades, cada lector asume os seus propios riscos interpretativos, coido que temos que poñer o acento en dúas eleccións complementarias.

Nunha referencia meramente cuantitativa, posíbel, a poesía sería un xénero sintético fronte a outros, a novela ou a biografía por exemplo, que serían espazosos, amplos. Coido que estes poemas posúen a cualidade de evocar a espacialidade nunhas cantas liñas, sinxelamente, aforisticamente. Esta forma de dicir poética, breve, aforística, ten un innegábel parentesco coa tradición, coa cultura popular. Nace do saber profesional, da compilación de ditos memorábeis, anónimos moitas veces, que conflúen na literatura sapiencial e na mellor vea da arte popular.

En non poucos poemas, esta forma sintética final é o froito dunha imaxe pura nacida da intuición repentina que se produce como consecuencia dun estado contemplativo, case de anulación do “ego”, e de fusión coa natureza. O encontro entre ese mundo exterior e a interioridade do poeta dá como resultado un acorde súbito, un chispazo verbal cheo de

silencios expresivos. Porque intenta, cada poema, eternizar un momento, é tamén puro presente. Por esta razón os poemas conservan, como diciamos, a frescura, a louzanía de antano.

Sería case profanación atacar con redundancias a brevidade expresiva do poemario. Eu, con estas palabras, arisquei unha lectura posíbel. Ti, lector, arrisca o teu camiño. escoita estas voces que semellan vir do Valadouro pero son de máis lonxe.

XOSÉ LUÍS AXEITOS; 1992

*“Dun ceo inalcanzábel  
eu roubei para ti  
este xardín de soños”*

I

## **CABALO ESCINTILANTE**

*Lingua miña  
memoria  
patria miña*



Cabalo cego

mouro cabalo

cabalo espido

tolo cabalo

cabalo escintilante

só cabalo

ti.

## PARAÍSOS PARTICULARES

Mamei esta loucura dos peitos dunha loba  
fundei un paraíso sen reis e sen mortais  
afinquei nesta terra dentadas de roseiras  
e díxenlle aos amigos non sufriredes máis.

Despois calei un día e sete e vinte e sete  
e faláron as aves e o mar e os animais.

Teño un xardín de lúas  
e unha casa de auga.  
Son talvez  
unha fábrica inconclusa  
de soños e esperanzas.

## SOL MUNDO

O sol é un bolo quente e redondiño  
de cando en vez el mira para min  
eu non podo miralo sen ferirme  
nesta roda sen fin  
da que non quero irme  
sen saber por que vin.

Moraima sen ti  
a miña vida é un aguillón de vento.

... ..

En Moraima o tempo é un areal  
de cabalos escintilantes.

... ..

Polo inverno en Moraima  
choven  
océanos de ceo  
e xacen nomes  
de homes que falaron.

... ..

Moraima unha roseira  
onde as gorxas dos homes  
senten na pel espiñas de silencio.

... ..

Lonxe de Moraima  
o sol acariña os teus peitos  
mentres eu son  
un paxaro imposíbel sen ti.

I

O vento é un anxo destemido  
que xoga ás cóxegas co mundo.

II

O vento é un anxo tolo pola rúa.

## CHEA

### I

Lingua de morte  
serpe sen ollos  
man cobizosa  
que o leva todo.

### II

O río cando chove  
ponse tolo.

### III

As augas como bestas van baixando  
atropeladamente  
bravas.



Polas amoras  
sábense os merlos  
e contra a noite  
os lobos poñen medo.

*“Ponte do Gatín  
Ponte do Demo”*

Coa auga das sete fontes  
desperto.

Mañá de tépedas augas  
no ceo.

Inverno mesto de choiva  
inferno.

Camiño ao nacer o día  
boursa un ar besto  
cara á Ponte do Gatín  
Ponte do Demo.

## PAISAXE CON FUME

O corpo dondo da dorna  
dorme no berce da ría.

Os mornos arcos de pedra  
fían formas fuxidías.

Polos cinco ollos da ponte  
baixan augas avesías.

Nun confín de fondos mouros  
o mar cata a súa agonía.

O fume depredador  
fura que fura no día.

Avantei entre alento e desalento  
por moreas de mundos matinados  
perdidos de antemán.  
Queimei os pés o corazón a gorxa  
gastei horas acedas en vieiros  
talvez incomprendidos  
pero son episodios derramados no tempo  
ou simples pesadelos  
como soños sombrizos.  
Como unha bolboreta  
que revoa núa

son

e síntome

tentando de rachar oh febles forzas  
a rede que nos rouba a liberdade

apenas arelada.

Interminábel loita  
se cadra canellón interminábel  
pero flor formigante que recende  
e me empurra a seguir como até agora  
un ceibarse no océano da vida  
sen agardar  
sen renunciar a nada.

Levo no peito unha loita de lama  
o vento a empurrarme polo areal da noite  
e cansos de mirar o tempo  
os meus ollos camiñan cheos de lúa esmagada  
polo baleiro calendario da soidade  
tristes como unha estampa de pombal  
sedentos dunha man un puño ou un sorriso.

Polo serán  
un neno xoga  
co aro cego da lúa  
e un home soña  
fuxidías estrelas  
de ceibes puntas.

Ouvea un can  
e os dentes albos da lúa  
morden no espello do chan.

Co teu vello reloxo  
de mar e vento  
vas de arrabalde en arrabalde  
con vocación de xuramento.

Co teu vello reloxo  
de mar e vida  
por un camiño tortuoso  
de soidades compartidas.

Co teu vello reloxo  
de mar e lúa  
agardarás a que anoiteza  
cos petos cheos de tristura.

Caeuche a noite enriba  
e non dixeches nada.

Lagoas de bágoas sucábanche as veas  
e os teus ollos afeitos ao medo brillaban.

Moreas de montañas apreixábanche o peito  
milleiros de coitelos tronzábanche as pasadas  
exércitos de mundos afogábanche a gorxa  
os soños os latexos as palabras.

Chegaches a ser neve  
e non dixeches nada.

Cando soou o tempo  
e xa non houbo tempo ou esperanza  
abriches os teus labios e sorriches  
miraches para todo e para todos  
e non dixeches nada.



Os asasinos rin  
por enriba dun pobo  
que quere ser.  
Alguén agacha a súa mentira  
detrás da muradela do poder.

Ai morte morte morte bolboreta  
tola  
de mel en mel  
de fusil en fusil  
de corazón en corazón.

De cando en cando escóitanse latexos  
de mortes repetidas.

Cando veñades por min  
abriravos a porta ela  
talvez a derrubedes pola forza  
tamén ela é moi torpe  
penetraredes.

Estarei agardando  
e non vos direi prenda  
ou somente unha ollada  
no colo un semanario  
un pasatempo  
ou o prato da sopa ou a gaceta  
unha cunca de leite ou o cincheiro  
non se sabe.

Todos os documentos  
estarán na gabeta do chineiro.

Tamén atoparedes  
un arsenal de armas  
no meu cerebro.

E levarédesme cheos de impotencia  
un día.

Volverá o tempo do carballo?

**II**

**MAR DE DÚBIDAS**

A miña loita  
é unha maré de palabras xeadas.  
Un vendaval de dúbidas  
zoa  
polos buratos da miña ignorancia.  
Na miña mente  
os homes soñan patria e pobo  
nunha cópula inzada de inquedanzas.  
E hai un ronsel que sempre di mañá.

## MARIÑEIROS

De mar en mar  
de temporais feitos  
e de sangue tecidos  
os vosos peitos.

De corazón en corazón de muller  
o mar escoita  
o voso trasfegar  
de loita en loita  
de corazón en corazón da loita.

Chegan cartas de lonxe  
non son de amor  
o vento rebenta por estribor.

Chegan cartas de lonxe  
non son de amado  
o vento rebentou e ficou calado.

Chegan cartas de lonxe  
se non chegasen  
non tería tristuras que me coutasen.



O mar escoa músicas  
serenas e salgadas.  
Cada poema é un mar  
e cada verso unha onda de esperanza.  
Non agardes de min  
da miña voz mundana  
nin un si nin un verso  
nin un poema  
nada  
que non sexa produto  
dunha paixón de auga.

O teu corpo é un batel amoroso na praia  
os meus ollos soidosos mirándote están  
esta noite con lúa é unha noiva de ámbar  
e eu semello un parrulo no mar do teu van.

- | -

Mar maino o teu corpo  
dormes dondos cabelos  
ondas deitadas na noite  
silencios que falan amor  
só sentes doces ronseis  
sucándote lenes  
voces queridas  
camiños de lúas  
ecos de rochas  
amábeis acenos  
de que nunca pase este tempo  
amor  
porque sabes que sempre locen  
versos fermosos  
en ti sobre ti contigo  
amantes  
cando dormes.

- II -

Pero vento o teu corpo  
sempre chaira  
montaña  
voz e berro  
agarimo  
árbore inqueda  
pomba inevitábel  
fermosa  
cando acordas.

O mar é unha sementeira de singraduras  
ceibes e núas  
nun desfile vital de amañeceres  
e derrotas decididas de antemán  
e nunca rematadas.

Sempre os barcos a fiar  
e o mar a esfiañar.

Polo mar veñen barcos  
eu non sei quen virá de tan lonxe  
remeiros de amor  
os ventos empurran o pailebote.

Pola tona da noite  
sinto o teu corazón berrar  
pola tona da noite  
pola cerna do mar.

## INVERNO

O temporal pronuncia  
badaladas de medo.

O farturento mar  
ceiba a súa antropofaxia  
no corpo dun mariñeiro.

Unhas poucas estrelas  
xogan  
a perder o tempo.

Ti axeonllado na noite  
querías pillar raiolas coas túas mans de vidro  
e agachalas no peto.

A biografía dun home  
aboia  
entre escumas de silencio.



A morte semella unha onda sen mar.

Mirando ao mar a espuma  
é un ir e vir de tolas galopadas  
as ondas son cabalos sen xinete  
e as mareiras ronseis  
que xorden ao solpor  
na lúa chea.

NO CORAZÓN DAS AUGAS BUSCO UN NOME.

Mirando ao mar esvara  
como unha lene loita un sentimento  
de batalla sexual inacabada  
ou talvez de tristura.

Mirando ao mar en fin eu sinto  
que sigo sendo só  
un náufrago da terra.

**III**

**NÁUFRAGO DE CIDADE**

Soñei cidades de auga  
cando eran de pedra  
achei amigos de ouro  
cando a noite era negra.

Soñarte non abonda  
quimera de cristal  
quixera amarte  
coa forza dun enorme vendaval.  
Despois perderte  
como perde a súa presa un animal.

Primeiro foi a noite  
despois chegaches ti.

Ti eras pole ou rosa ou bolboreta  
levada polo vento peregrino  
ti eras verso ai amor flor que aparece  
lucero que navega  
por un mar de futuros sen destino.  
Alegría e tristura todo a un tempo  
amor e desamor eras sorriso  
como unha martabela  
irresistíbel.  
Mentres tanto  
eu  
simplemente quería ser verdade.

Só de soidades cheos os petos  
da sede que me rube pola ollada.

Por riba dos tellados  
a noite baixa.

As luces chiscan o ollo  
na praza.

A xente nas tabernas  
fala.

E mentres eu camiño  
parolo coas pisadas.

Estou tan só.

Agardo  
que chegues ti famenta  
de terme entre as túas ás.

Que chegues logo  
para poder bicarche  
milleiros de inquedanzas.



Tumultuosamente  
chegas  
e non dis ren.

Agáchome na noite  
este túnel sen tren.

Ti es unha luzada  
que me fai ben.

Teño toda a riqueza  
do que non ten  
palabras que dicirche.

Amén.

Eu sinto que estás aí  
á miña beira.

Ti contigo.

Síntote dentro de min  
como un só, como unha soa  
como un mar mixto  
de auga e auga.

Ti contigo.

Miras para min  
pobre do que.  
Envelénasme así.

Ti contigo.

Miro para ti  
óllasme e a sorrir.

Ti contigo.

É unha historia que non sei  
se se vai repetir.

Ti contigo.

Soñas  
que isto é o amor  
cousa insoñábel.

Sentes  
no corazón  
un vento amábel.

Amar é unha inquedanza interminábel.

Tenruras de papel  
un anxo cego  
choutando polos coutos do meu peito.  
Plantar un caravel  
é simplemente un feito  
mais mencionarte  
non é cinxirse a pronunciar un nome.

Vivir, vivir, vivir.

Despois talvez durmir  
no mar  
no ar  
nun cadaleito.

Baleira o vaso deste día  
e naceremos xuntos  
mañá  
despois  
máis tarde  
non sei onde.

Fía un ronsel de lúas  
ese neno que levas agachado  
como ceibes olladas  
cousas túas  
amorosas gaivotas  
debuxadas  
coas túas unllas rotas  
nas loitas iniciadas  
de antemán.

## PASO DE AMOR

Estabas diante min e non te achaba  
miráchesme e mireite e non te vin  
e dixéchesme amor amado amada  
e non che respondín.

## NÁUFRAGO DE PAPEL

Como unha rúa acesa de cristais fugaces  
na maré dos teus ollos hai lume de naufraxios.  
Quen puxo estas fronteiras entre a túa dor e o mundo?  
Na maré do teu mar un caravel sen follas.  
Anacos da túa vida  
debuxan no teu soño de mapas invisíbeis  
antigas singraduras de papel.



En garda corazón  
a canseira fai horas extras  
e ti adormeces  
dacabalo dunha lúa de cartón.

## NÁUFRAGO DE CIDADE

Nas adegas da vida  
unha vía de alcol

(unha adega vencida  
navega en etanol)

A vella singradura desnortada  
buscar o mar para desafogar da terra  
e pensar convencido  
que o asfalto é menos firme que a mar cega.

## NOCTÁMBULOS

Os gardiáns da ordenanza son soldados de chumbo  
que tratan

i n u t i l m e n t e

de amansar as estrelas.

Esa lúa que nos mira

é unha noiva inservíbel

e aquel escaparate

cospe rebaixas mentireiras.

Nos corredores da noite

alguén asina decretos de parar o futuro.

Mentres

o rinte mar agarda

acoller no seu ventre eses decretos

recicladados en barquiños de papel.

Polo salario en flor prostituída  
ferida flor de pubes e de mamas  
con ollos de muller prohibida  
facedora de amores que non amas.

Que xeadá é esta noite!  
Esta noite son duros coitelos de camas.

Ollos redondos de líquido  
sobre o rectángulo.  
Alguén esqueceu na mesa  
soños de viño  
somniaíbulo.

Unha cousa queimante catro letras  
como signos de ferro coiteladas  
que nos fenden a vida  
amor unha navalla  
aberta e decidida  
amor agarda.

Polos estremeceres dos salgueiros  
a noite aparecía  
e ti arredábaste co día sen mañá  
e nós ficamos tristes e famentos de ti.

O corazón sesteá;  
oh, cidade maldita,  
así non imos a ningures!



Foron tantas as horas  
os vasos cheos de segredos  
en mesas de melancolía.

Hoxe  
a cidade  
é como un mar de agullas e de arames  
ou de calamidade engaiolada.

Que sabes ti do corazón dos homes?

**IV**

**BRÉTEMA DOS ARREDORES**

Pasa o inverno  
soñando mulleres de auga.

## TERRA DOS SILENCIOS DE AUGA

De auga son esas mans seculares  
que o ventre che labran.  
E tamén os teus ollos  
percorridos de fragas de auga  
de somnámbulos ventos  
de laídos de lama e tristura anunciada.

Terra

oh Terra das albas de auga!  
de silencios de orfos afogados en auga  
de silencios de bocas  
de silencios  
de silencios de noites  
de silencios  
de silencios de náufragos  
de silencios  
de silencios de berros  
de silencios  
de silencios de mortos  
de silencios  
de fragas de auga e somnámbulos ventos  
de silencios.

Chove  
e somos tres.

Onte vinte soñando  
non digas que non eras.



Hoxe vinte chorando  
dime que non eras.

No gume do tellado  
hai amores con ás e beixos de peteiro  
que foxen sen amar.

Hoxe vinte pasar  
memoria amorosa  
dun tempo que pasou.  
Que pasou?

Correrei cara a onte  
para estar onda ti.

## SOIDADE

Por que me atormentas  
se sabes que estou só?

Ai do meu corazón!

Ai miúda a area da praia  
ai miúdas as ondas do mar  
ai miúdo o amor que me deches.

Que grande esta soidá!

Polo mar as ondas fálanme de ti  
polo ar o vento non sei o que di.

Que grande esta soidá!

Nadas  
e eu naufrago.

**V**

**AS PORTAS ENTORNADAS**



Eu a soñar augas limpas  
elas a seren chumbizas.

Alba da auga que quixo ser río  
Alba da auga que quixo ser  
Alba da auga que quixo  
Alba da auga  
Alba.

Alba da noiva que quixo ser auga  
Alba da noiva que quixo ser  
Alba da noiva que quixo  
Alba da noiva  
Alba.

Alba da nena que quixo ser nena  
Alba da nena que quixo ser  
Alba da nena que quixo  
Alba da nena  
Alba.

Pensan os soños e os paxaros:  
Algunhas vidas son mentira.

Morreu abrazada a un soño.

Aquela morte foi un roubo.

## A UN AMIGO FUGAZ

Ao mellor é mentira  
o día que morriches.

## A MEU PAI

Acompañámoste  
longa e filialmente  
até as portas da noite.  
Pero deches a volta varias veces  
e nunha delas  
a fábula do sapo nos lembraches:  
As présas nunca foron boas.  
Miraches para todos e dixeches coa alma:  
Quedádevos aí  
que é máis fermoso o día.  
Entornaches os ollos e a memoria  
e por fin descansaches para sempre.

Aqueles dous domingos  
ou dúas puñaladas  
pero foi a segunda  
a que nos sorprendeu.  
Coas nosas bocas mudas  
e coas almas xeadas  
ficamos coma orfos  
e idos ti e mais eu.

Contemplo agora a tarde  
desde a miña tristeza.

Pero por que vos fostes?



Ponte unha saia nova  
para estrear no baile derradeiro  
que se me vai a vida.  
Ponte o colar de perlas  
ou flores do xardín no peito de magnolia.  
Ponte de noiva leda e fermosura  
que sempre fuches ti aquí non pasa nada  
para que poida verte unha vez máis  
tan leve  
que se me vai a vida.  
Ponte esa cor rosada nas meixelas  
que me fai tan feliz.  
Ponte de luz nos ollos  
ledamente.

Pechei as portas do meu cuarto  
e xa non eras ti.

Cheo de paixóns e de sombras  
é preciso partir.

## EPITAFIO

Pousade aquí as flores,  
se o tedes a ben.

A min, como vedes,  
xa o mesmo me ten.

\* \* \*